

OS LUMES DE AGOSTO

Antón Bouzas*



O CICLO DO LUME

A chamada cultura do lume de Galiza resulta abraiante para os que veñen de fora, mais non deixa de ser unha emanación do ciclo biolóxico do lume. A característica diferencial da Galiza atlántica reside na súa produtividade vexetal, do maior que hai en Europa. As plantas medran aquí ata catro veces o que no centro peninsular e aínda outro tanto máis respecto das secas costas do sur de España.



Ramsés Pérez

Existe un ciclo do lume (incendio => acumulación de combustible => incendio...) que se repite aquí a unha velocidade proporcionalmente máis rápida que nos climas mediterráneos. Toxeiras maduras da provincia da Coruña rexistran producións anuais de ata 30 a 40 toneladas de biomasa seca por hectárea (mais do dobre en peso fresco ao desbrozalas). O mato medra moito durante o ano para arder nos dous meses do verán, gobernado polo seco vento nordés, pouco nos anos húmidos, forte e violento nos secos. Unicamente as comarcas cantábricas de Galiza záfanse deste perigo.

Caso de non haber incendios os matos transfórmanse en bosques dun xeito natural (sen que ninguén os plante). As frondosas autóctonas nacidas ao abeiro do mato, asoman e empezan a asombralo pasados dez anos tras o lume. Mediada a segunda década proporcionan unha mesta sombra que limita e remata por suprimir as uces, os toxos e as xestas. No prazo de dúas décadas instálanse as devesas (ou fragas): bosques mixtos de especies nativas (Carballos, Bidueiros, Freixos, Pradairos,

Acivros, Loureiros, Espiños, Avelairas, etc) que avanza colonizando as terras veciñas e serven de cortalumes que diversifican a paisaxe.

Estes bosques son dificilmente incendiábeis e representan o triunfo da sombra e a conservación da humidade, ao contrario que os piñeirais e eucaliptais que deixan pasar luz abondo para a supervivencia e crecemento dos matos heliófilos, coa súa inevitábel acumulación de combustible.

Nos últimos 30 anos o ciclo recorrente do lume repítese cada poucos anos (5 a 6, incluso 2 a 3 nas zonas máis conflitivas), converténdose nun tipo de catástrofe imposible de aturar por ecosistema forestal ningún (do mundo) sen degradarse. A consecuencia e a extinción local de todas as especies do bosque natural, que precisan de períodos máis amplos para desenvolver o seu ciclo vital e dispersar sementes. Pérdese pois a posibilidade dunha recolonización que sexa quen de recuperar o terreo perdido.

Na Galiza achegada ao mar, mais temperada e populosa, o ecosistema forestal foi levado a un estado de exte-

nuación nun longo proceso histórico de degradación. Existen moitos montes, localidades ou incluso áreas máis extensas onde os carballos (unha especie resistente) escasean ou desapareceron. Moitos nenos do rural non coñecen máis arborees que pinos e eucaliptos. Chegando ata o punto de utilizar "pino" como sinónimo de calquera arboree.

As terras situadas por baixo dos 500 metros de altitude están hoxe en día degradadas pola presenza dunha especie invasora que avanza fora de control, parasitando o ciclo de lume do mato autóctono e secuestrando a sucesión natural nos sitios onde se instala. O eucaliptal queimado e autorexenerado empobrece o ecosistema, restrinxindo o desenvolvemento das comunidades biolóxicas naturais. Favorece a acumulación de máis biomasa combustíbel e posibilita a propagación de novos lumes, moitos deles polas copas, conducindo á ineficacia da estratexia preventiva da mal chamada "limpeza do monte" (tan reclamada pola poboación).

De pouco vale teimar en manter perfectamente "limpos e coidados" os centos de quilómetros que van do Río Miño ao Cantábrico e do corazón de Galiza ao Atlántico, no continuo de eucaliptais, piñeirais e matogueiras, onde incendios corren dunha beira a outra sen barreira que os atranque. Lume tras lume os montes volven de novo ao punto de inicio do ciclo, sen ascender un chanzo na escala da sucesión (a pesares da magnitude de recursos públicos empregados na extinción de incendios). O resultado é unha "mala herba xigante" que inza de garabullos o territorio, cun patrón de distribución coma os buracos dun queixo ou tamén manchas de aceite en expansión.

Argumentase dende os intereses do sector forestal que un monte produtivo non arde, suxeríndoo coma solución aos incendios (e ponse ás veces como exemplo as mariñas cantábricas, sen facer referencia a ausencia da seca estival naquelas terras). Neste reduccionismo agóchase unha típica trampa para incautos, trátase do chamado "red herring, ou arenque roxo". Exhibese e lévase a rastro para despistar os cans de presa na procura dunha pista falsa. Un salto argumental que arrima a sardiña, e traspasa o debate ao produtivismo (unha cuestión cuantitativa, non cualitativa), se cadra na procura de máis axudas e oportunidades de negocio. Por

suposto que as cousas valiosas raramente arden, xa que contan coa intención de seren preservadas. Pasa igual coas vivendas e as estacións gasoleneiras: ámbalas dúas son valiosas e habitualmente non arden, mais o risco, magnitude e consecuencias dun incendio son manifestamente diferentes. Dependem directamente do ambiente, composición, estrutura, configuración e propiedades. Non da taxación que lles asigne o mercado.

Alegan tamén, que as frondosas nativas son susceptíbeis aos incendios e apuntan a carballos illados que arden (arrodeados de eucaliptos), ou a soutos de castiñeiros (bosques manexados de escasa superficie e cercados por vexetación pirófitas) que sucumben ante o lume. A función de cortalumes naturais que cumpren as formacións nemorais (devesas), o seu carácter dificilmente incendiábel e o papel das frondosas nativas coma supresoras do mato heliófilo, só pode negarse dende a ignorancia ou a hipocrísia pseudocientífica.

A CRISE DO MONTE

O crecemento medio potencial das plantacións forestais galegas estímase en 12 m³ por hectárea e ano, un importante rendemento que implica desempeñar o papel de reserva forestal Española. Galiza, con tan só o 5,84 % da superficie total produce o 45,5 % da madeira do Estado (e perto do 4,5% de Europa). Dúas terceiras partes do territorio son montes que levan décadas manexados baixo os criterios dunha única función e propósito: o subministro masivo de madeira de baixa calidade.

A administración e o sector consideran que a metade da superficie forestal está abandonada. Hai árbores nun 70 % dela aínda que unicamente un cuarto da mesma ten planos de xestión silvícola. A produción madeireira baséase nas tres especies de pinos que se espallan por todo o territorio, e nos eucaliptos, concentrados na metade do país que está por baixo dos 500 m de altitude (a costa e os grandes vales).

O último inventario forestal contabiliza unhas existencias de 380.000 Ha de eucaliptal (45 % puro e o resto en masas mixtas, mesturado fundamentalmente con pino), 544.000 Ha de piñeirais (93 % puro), 378.000 Ha de caducifolias (na meirande parte bosques nativos autorexenerados) e 740.000 Ha de matogueiras. Os lumes de agosto leváronse por



diante 78.000 Has, 31.000 de matos e 47.000 arboradas, piñeiral e eucaliptal maiormente. Tras a vaga de lumes faltan por contabilizar as matogueiras e piñeirais queimados que van camiño de transformarse en eucaliptal.

Da madeira cortada anualmente en Galiza unicamente o 1,5 % corresponde a frondosas caducifolias. Pinos (51 %) e eucaliptos (47,5%) son abrumadoramente maioritarios. Nos montes extráense cada ano 6.500.000 m³ de madeira, cun valor estimado de 240,4 millóns de euros (0,74 % do PIB). Os outros aproveitamentos: caza, castañas e cogomelos achegan un 0,1 %. Ademais, o sector industrial forestal produce na transformación un 5,64 % do PIB.

Perto do 90 % da madeira empregada anualmente pola industria é de orixe local. No serrado aprovéitase unicamente a sexta parte (pino basicamente), o resto é madeira destinada fundamentalmente a trituración para a elaboración de taboleiros e pasta de papel, ou expórtase fora de Galiza sen procesar.

O eucalipto depréciase de ano en ano, 24,90 €/m³ segundo o Anuario de Estadística Agraria de 2003. Un valor que non chega aos 2/3 do acadado no 95. No inverno pasado os propietarios mostrábanse reticentes á venda, os custos de extracción (tala, saca e portes) saían moi caros en relación aos ingresos (30 a 40 %). No cadro de globalización de hoxe en día, o modelo galego de produción silvícola compárase co terceiro mundo, onde ao contrario que aquí, os salarios ínfimos, as inmensas terras dispoñíbeis e a deslo-



calización da produción polas empresas multinacionais, marcan os prezos da madeira e os seus derivados.

Nos novos países produtores do sur estímase a existencia de 13 millóns de hectáreas de plantacións de especies de rápido crecemento (con rendementos superiores a 15 metros cúbicos de madeira por hectárea/ano), destinadas á produción de polpa. Arredor do 80% en Sudamérica e Asia. Só no Brasil estanse plantando unhas 100 mil hectáreas/ano con eucalipto e pino. Igualmente, Chile sitúase como un dos principais provedores, e Arxentina, Uruguai, Sudáfrica, Indonesia e outros países participan tamén nesta carreira.

No mantemento do actual modelo produtivo galego precísase dun grande dispositivo público para a loita contra o lume. O gasto da Xunta en extinción suma máis de 70 millóns de euros, e evoluciona en constante crecemento e sen comparanza con calquera outra comunidade autónoma. E rechamante que alcance un valor equivalente a un terzo da madeira vendida anualmente en Galiza. Habería que sumar tamén outros gastos e subsidios que reciben (ou recibiron) eses cultivos (Pistas, control de pragas, etc). Segundo a prensa (La Voz de Galiza 20-08-06) a suma do empregado na loita contra incendios por parte da Xunta e o Ministerio de medioambiente do Goberno central chega aos 120 millóns de euros.

Con este panorama as terras monte-sías seguen na man de vellos donos: 2% de montes públicos, 30 % de montes veciñais en man común e un 68% constituído por 670.000 pequenos e disper-

sos propietarios que por mor dos seus intereses particulares impoñen restricións obxectivas que dificultan artellar a ordenación dos montes.

Semella inexplicábel a promoción e o despilfarro investido no cultivo masivo, sen restrición e a todas luces insustentábel dunha especie invasora e altamente pirófito coma o eucalipto. Dende o punto de vista dun propietario o negocio resulta comparábel a un investimento de alto risco que busca beneficios a curto prazo, mais sen repercutir todos os custos reais. Lamentablemente, houbo quen reclamou compensacións e indemnizacións tras a vaga de incendios de agosto de 2006. Podería xustificarse se a xestión que os propietarios fixeron dos montes tivera conducido a unha diminución do risco. Mágoa que fora máis ben ao contrario.

Non se trata de reconverter todo o monte en devesa. Simplemente resulta imperdoábel non constituír con elas unha rede que subdivida o territorio seguindo os cursos de auga, as umbrías encostas e os medios habitados. Por outra banda desprezar os outros aproveitamentos (gando, caza, cogomelos, turismo...) a máis de desaproveitar os mellores solos para a produción de madeiras nobres con cultivos de caducifolias, non deixa de ser un erro monumental.

Unha política forestal coherente e racional, sustentábel e de prevención de incendios só pode fundamentarse na premisa de dificultar e interromper o ciclo biolóxico do lume, baseándose no coñecemento científico e na realidade social, por riba de intereses ventureiros.

O eucalipto en Galiza córtase en ciclos de 10 a 15 anos, un cultivo case que máis agrario que silvícola. O grave é que a especie está fora de control e a cuestión non reside en posicionarse ou non a favor da súa produción, senón en se se pode tolerar unha invasora, de difícil e custosa erradicación, campando polo territorio ao son dos lumes. Moitos son os afectados e a maioría non teñen intereses directos no monte. A herdanza é de magnitude desmesurada.

Certamente a madeira de eucalipto poderá ser necesaria e se cadra haberá de seguir cultivándose. Tamén é certo que a cousa vai por mal camiño e non semella o mellor xeito de facelo. Máxime no escenario de cambio climático no que estamos. Aveníanse tempos máis duros, con prolongadas secas e intensos períodos de choivas e asolagamentos. Nas cuncas hidrográficas, nas que arden importantes superficies (maiores dun cuarto ou un terzo do total), rexístranse picos de caudal, catro ou cinco veces superiores ao habitual no desbordamento dos ríos.

Compre preguntarse se seguiría o modelo de explotación actual se os propietarios pagaran a escote as brigadas, as motobombas e os hidroavións?. Haberíase de reclamar a obxección fiscal?.

NO ALTO DA MEMORIA

Os montes da fachada atlántica están atrapados nun círculo vicioso, retroalimentado sen fin. O país ten unha nidia vocación arbórea derivada das súas condicións ecolóxicas. As terras e os propietarios son reféns dunha especie invasora. Os montes están maiormente abandonados e descapitalizados. A industria forestal adquire a prezo decrecente unha materia prima de baixa calidade, que está fortemente subsidiada, baixo a eterna ameaza do lume que sofre a poboación. Os montes non deixan de queimarse e inzarse de eucaliptos.

A crise ecolóxica faise máis patente onde máis desenvolvido está o territorio. A ruína ecolóxica, a errónea política forestal, o desartellamento do mundo rural e o caos urbanístico gravitan sobre os incendios e as enchentes de auga.

Asistimos ao final da prehistoria (en expresión dun reputado arqueólogo), coa desaparición de cultivos, prácticas, aproveitamentos, manexos, costumes, paisaxes, camiños e cultura. A conexión directa co inicio dos tempos, ao traveso dun fio histórico, quebra irremisiblemente.

mente, 6000 anos de civilización agraria que rematan nisto.

As mans dos labregos mantiñan a raia a forza do monte. Cando non existían os modernos fertilizantes químicos o sistema agrario tradicional precisaba do estrume, obtido de dúas a cinco hectáreas de monte para manter a fertilidade dunha hectárea de labradío (segundo a riqueza do substrato xeolóxico e os solos). O gando aproveitaba no monte os pastos abertos con lume. Sementábanse cereais (centeio e trigo) nas estivadas aproveitando a fertilidade das cinzas nos primeiros anos (3 - 4) e deixábase logo rexenerar o mato, nun ciclo de oito a dez anos. O sistema mantiña atavismos da agricultura itinerante que comezara no neolítico.


A maior densidade de poboación levou á desaparición dos últimos bosques naturais da Galiza baixa e litoral e finalmente ao colapso, na década dos 60, do modelo tradicional nun proceso de desconexión do monte coas demais actividades rurais (gandería e agricultura).

O territorio abandonado foi masivamente reforestado con pinos e eucaliptos. Comezaron os lumes incontrolados e o monte rematou enchido de matos e inzado de especies invasoras (eucaliptos, mimosas, acacias, algarrobos...). O último embate chegou co ingreso en Europa no 86, en vinte anos pasouse de mais de 500.000 ocupados no campo a menos de 100.000. Os lugares e aldeas esmoreceron. Ata hoxe.

O monte convertido en "inútil" (o que está a monte), avanzou arrodando as áreas habitadas cunha selva de leña seca e enguedellada, coma nunca antes pasara. Daquela as casas fóronse tamén cara o monte impulsadas por un crecemento urbanístico desordenado, que asigna á terra un único valor, o especulativo.

Mentres tanto o propietario "cesante" das terras converteuse no común (sen esquecer os "desaparecidos en combate"). Non vai ao monte, non o coida, pero tala e vende eucalipto cando pode, manténdose á espera de ver "o que se poida facer" con el. Poderíase dicir que a paisaxe galega sofre de "eucaliptose aguda", síntoma dunha aguda doenza que vén de vello.

A pesar da fuxida do mundo rural e o acelerado proceso de urbanización, Galiza mantén aínda máis entidades de poboación que o resto do Estado. A



xente continúa a vivir dispersa nun territorio entramado de pequenas cidades, vilas, lugares, e agora chalés e urbanizacións. Todos ou case que todos son (ou queren ser) modernos, urbanos e (mais ou menos) dinámicos.

O campo está máis urbanizado do que nunca antes estiveran ruralizadas as cidades. Mais, coma sempre, a xente segue vivindo arrodada de monte. Aínda que non lle fagan caso, a natureza latexa e dá resposta a todos os estímulos e agresións (de hoxe e de onte). Medra e tenta rexenerarse.

Así como Holanda vive por baixo do nivel do mar, sempre cun ollo pousado nos polders, a sociedade galega ten que afacerse á idea de que por riba dela existe un mundo vivo, acolledor e a vez ameazante. Nos Países Baixos é famoso o conto do neno que meteu a man no furado do dique para evitar que a auga o rompera, dándolle tempo a acudir ao resto da xente. Os montes están a arder hai xa moito tempo. Quén en Galiza vai metela man na desfeita?

Se os máis avanzados científicos, mesmo os da NASA, foran convocados nun inxente proxecto de I+D+i (+ x, y e z!) a fin de atopar solución ao dobre problema de controlar autonomamente a acumulación de combustíbel e a pro-

pagación do lume nos montes de Galiza, inventarían sen dúbida e tras longos anos de investigación (amáis de tremendo orzamento), o... Carballo! e desenvolverían certamente, outros prototipos axeitados para concretas situacións, coma puidera ser o... Bidueiro!, a mais de outros...

Non é unha brincadeira calquera. Os problemas do monte non se resolverán nin fácil nin rapidamente. Precísase de tanta enerxía coma a que foi empregada en estragalo. Hai que agrupalas terras, ordenar os montes e recuperar o equilibrio. Xa e tempo de acadar un novo pacto social. Un pacto entre os propietarios e o resto da cidadanía. Entre a conservación da natureza e a produción silvícola-agro-gandeira, o turismo e as industrias.

Por suposto tamén entre todos os grupos políticos. O modelo territorial non debería cambiar cada pouco. Hai que chegar a un consenso. Aínda que con el ou sen el, a iniciativa e a responsabilidade correspóndelle en primeiro lugar ao goberno da Xunta (ao completo). Daquela saberíase quen ten iniciativa e quen responsabilidade.

*Antón Bouzas é Biólogo e asesor ambiental do concello de Ames